



## COMUNICADO ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO DE SEXTO DE PRIMARIA

31/01/2019

En cumprimento do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e pola Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; infórmaselles que:

- O alumnado que vaia cursar 1º da ESO no IES Maruxa Mallo, deberá cubrir o impreso de reserva de praza (**Anexo I**).  
*«O alumnado que pretenda continuar estudos nun centro de adscrición, para os efectos de reserva de praza neste, deberá presentar no centro de orixe ou a través da aplicación «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) o formulario normalizado (ED550A) que se publica como anexo I desta orde (e se adxunta neste escrito).  
O formulario normalizado será facilitado gratuitamente nos correspondentes centros docentes e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación «admisionalumnado» e na páxina web da consellería competente en materia de educación».*
- As solicitudes poderán presentarse no CEIP Campomaior (o alumnado pode entregarllo directamente ao titor/a) ou en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.
- O prazo de presentación estará comprendido entre os días **1 e 15 de febreiro**.
- *«Así mesmo, o alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) utilizando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante».*
- Quen non vaia cursar 1º da ESO no IES Maruxa Mallo, debe comunicar alí (por escrito) a súa renuncia á reserva de praza antes do 1 de marzo. Deberán solicitar a admisión noutro centro entre o 1 e o 20 de marzo (**Anexo II**).

O equipo directivo.